

Xoti de Luis

The wall







Xoti de Luis

The wall

Xoti de Luis

The wall

Edita



Patrocina



Presidente Deputación Ourense
Luis Menor Pérez

Deputado de Cultura
César Fernández Gil

Director da Área de Cultura e Deporte
Marcos Vázquez Guzmán

Director Centro Cultural
Marcos Valcárcel e coordinador
de exposición e catálogo
Francisco González Bouzán

EXPOSICIÓN

Administración
e Xestión de Fondos
Salomé Caamaño

Coordinación de Montaxe
e Manipulación
Eulogio García Tarríos

CATÁLOGO

Textos
© **José Ramón López Calvo**
© **Xurxo Taxes**
© **Dos seus autores**

Traducción galego
Gabinete de Galego
Deputación Ourense

Fotografía
© **Eutropio**

Deseño
nacherpublicidad

Imprime
Editorial MIC

Dep. legal
OU 5-2025

© Deputación Ourense

The wall — La Colección

Wall = MURO

Walling = Murcando, trabajando en el muro

Wallineros = poleros, galineros, pendellos
Cortes, etc

MURO: donde se graba el Poso del tiempo

MURO: límite, linde, señala lo de dentro
y lo de fuera; lo de un lado y lo de otro

De un lado imaginación y del otro realidad
lo libre y lo tangible.

El artista traspasa el MURO con el acto
creativo.

MURO (A CORUÑA) lugar de trabajo donde
se realiza la descarga y venta del peixe

MURO (de Berlín) división de culturas.
Soporte expresivo

"Un cuadro es como un chiste. Si tienes que explicarlo, mal asunto."

Xoti de Luis



Walling
Técnica mixta sobre táboa
150 × 90 cm

Xoti de Luis: Resistencia e Liberdade

José Ramón López Calvo

Hai case 50 anos que son amigo de Xoti e sempre estiven interesado profundamente na forma en que desenvolveu a súa carreira artística. A súa obra, influenciada polo Expresionismo Abstracto estadounidense de mediados do século XX (Mark Rothko), da Arte Povera italiana (Alberto Burri) e a obra de Tapies, ademais da observación das texturas da natureza e dos espazos construídos, crea a través da súa longa experiencia, unha síntese absolutamente persoal, chea de suxestións para o espectador avisado.

Nesta exposición amósasenos o seu traballo pictórico dos últimos 10 anos, composto basicamente por elementos que reflicten, unhas veces texturas, máis ou menos baseadas na realidade da contorna e outras veces, abstraccións con maior expresividade cromática. Un universo sutil e emocionante se lle prestamos suficiente atención.

O que si está claro, é a continuidade do seu traballo dentro do campo abstracto. Só esta insistencia pode conducir á mestría, que el conseguiu amplamente. A súa posición, respecto á pintura, ten que ver en gran medida, coas palabras do filósofo francés Gilles Deleuze, cando se pregunta cal é a relación da obra de arte coa comunicación e contéstase a si mesmo que ningunha. Tampouco, di, a obra de arte contén, estritamente, a menor información. En cambio, afirma que hai unha afinidade fundamental entre a obra de arte e o acto de resistencia. Xoti leva o acto de resistencia ao límite. Xamais foi un pintor fácil nin comercial, rendido a certos galeristas ou aos coleccionistas, con falta de tempo e baixos niveles de cultura artística, para apreciar ese traballo e valoralo debidamente.

Xoti, para min, é un heroe contemporáneo, que fixo da abstracción unha forma de desenvolver positivamente a súa capacidade artística e ao mesmo tempo, de resistencia ante a brutalidade do mundo actual. Reflicte na riqueza de matices, de cores e de texturas, que se mostra nas obras desta exposición.

Considero interesante lembrar partes dun texto da escritora Úrsula K. Le Guin: “Avecíñanse tempos difíciles nos que necesitaremos as voces de quen poida ver alternativas a como vivimos agora, que poidan ver a través da nosa sociedade presa do medo e as súas tecnoloxías obsesivas, outras formas de ser e mesmo imaxinar verdadeiros motivos de esperanza, necesitaremos artistas que lembren a liberdade, poetas, visionarios, realistas dunha realidade máis ampla.

O afán de lucro, entra a miúdo en conflito coa obxectivos da arte. Vivimos no capitalismo, o seu poder parece ineludible, pero tamén o parecía o dereito divino dos reis. Calquera poder humano pode ser resistido e cambiado polos seres humanos. A resistencia e o cambio adoitan comezar na arte.

Agora mesmo, necesitamos creadores que coñezan a diferenza entre a produción dunha mercadería para o mercado e a práctica dunha arte. Os que vivimos da arte queremos sobrevivir co noso traballo, pero o nome da nosa fermosa recompensa non é beneficio. Chámase liberdade”.

Este fermoso texto ten que ver de cheo coa actitude constante de Xoti e o compromiso coa súa obra, totalmente allea a modas, a influencias acomodaticias e a todo aquilo que coartase a súa liberdade creativa. Unha obra de tal unidade, coherencia e beleza, que me fai lembrar a frase do grego Hipócrates, na que se di: “A vida é breve, soa a arte é perdurable (Ars Vero Longa), a ocasión fugaz, o experimento complicado e o xuízo difícil”. Respecto á perdurabilidade da arte, por unha banda, pódese interpretar que chegar a ter coñecemento sobre algo implica empregar moitísimo tempo niso, aínda que a vida sexa breve ou, por outro, que o coñecemento perdura máis aló dunha vida, sempre demasiado curta; o artista teno claro e demóstrao coa súa vida e coa súa obra.

A continuidade insistente na súa forma de traballo, deu á obra de Xoti, unha perfección, unha sutileza e unha beleza extraordinariamente excepcionais, nunha obra moi persoal, na que ao final o estudo incansable dentro da abstracción, conseguiu sintetizar sutilmente toda a experiencia e o traballo do artista.

Dicía Deleuze que Malreaux tiña un concepto filosófico para isto. Un concepto moi simple sobre a arte: “É a única cousa que resiste á morte”, confirmando de novo a Hipócrates.

Sen esa resistencia ante a situación de desequilibrio xeral do mundo actual, dificilmente poderemos continuar gozando de camiños serios de liberdade. Un exemplo de todo o dito anteriormente personifícao, coa súa vida e coa súa obra, de forma específica, o artista Xoti de Luis.



Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm

O informe Walling de Xoti de Luis

Xurxo Taxes

Non hai esquecemento nin desmemoria en Xoti de Luis. Hai un silencio humilde fronte a certos relatos historiográficos e museísticos interesados. Un negarse a contrariar as amizades e os descoñecidos, a se amolar a causa de omisións ou reduccionismos. Se cadra porque, felizmente, hemerotecas, arquivos e coleccións institucionais documentan o percorrido dun pintor discreto e solidario que, cando principiaba a súa andaina nos incertos anos da Transición, foi un elemento aglutinador de pigmentos diversos e indómitos, piar da acción colectiva no campo artístico, xeneroso e leal compoñente dos grupos multidisciplinares de creadores galegos A Carón (1975), Galga (1977) ou Gruporzán (1985).

Alberto Carpo (1936-2015), impulsor do primeiro destes colectivos, subliñou decote en textos de catálogos e entrevistas o rol cooperador, favorecedor de dinámicas grupais, do seu compañeiro Xoti, especialmente no que atinxe ás delirantes iniciativas do Grupo Experimental de Arte A Carón, pioneiro en Galicia do happening. “*Tiña moito entusiasmo (...) e era quizais o máis activo*”, lembraba Carpo a Xavier Seoane con ocasión da súa retrospectiva no Kiosco Alfonso da Coruña (2011).

Influenciado polo conceptualismo, A Carón artellou accións procesuais na procura dun achegamento á sociedade. En especial, aos grupos sociais marxidados. En abril de 1976, orquestrábase o seu polémico *happening* no psiquiátrico de Conxo, interrompido a media tarde por orde da Deputación da Coruña, con mimo, música, pintura ao vivo dos integrantes d’A Carón e mais dos internos, así como poesía de Xavier Seoane e Ánxeles Penas. A filmación en súper 8 de Manuel Abad, ao igual que a reportaxe sobre o acto de presentación do grupo na galería coruñesa Mestre Mateo (conducida polo aleuto arquitecto Xosé Ramón López Calvo), o 13 de xaneiro de 1976, conservada nos arquivos de RTVE en Galicia, testemuñan os primeiros logros pictóricos de Xoti.

Tamén as fontes hemerográficas nos falan da recepción da súa pintura ou do seu carácter proactivo. Lemos nunha crónica daquel evento inaugural en La Voz de Galicia: “*Xoti de Luis, que había empezado el primero, se concentró en una pintura visceral en relieve que llamó poderosamente la atención de los espectadores*” (LVG, 14-1-1976).

Determinación, pintura visceral e relevo... Tomemos boa nota.

Ourense garda talvez na memoria colectiva lembranzas das trouladas e desafíos do noso pintor e os seus colegas naqueles tempos de mocidade, rebeldía e prácticas colaborativas. Acordanzas das provocacións a prol da liberación das artes e dos costumes, dunha notábel insubmisión biopolítica. Soubemos xa hai anos, grazas a un pequeno retallo de prensa conservado no arquivo familiar, logo complementado pola escritora e documentalista Carmen Pereiras, que na hemeroteca de *La Región* existen documentos que dan conta dun —cito unha misiva ao xornal asinada por Xoti de Luis e camaradas— “*feito diño da máis solemne barbarie, que estalou un día nunha cidade (Ourense) ancestralmente culta e aberta, chave do espelecer cultural da nosa terra, berce dos artistas meirandes da nosa historia*” (LR, 2-II-1978). Referímonos a artigos, reportaxes e cartas ao director en torno á requisa policial dunha instalación “*ofensiva a la moral*” (unha explícita celebración do onanismo) do pintor coruñés Xaime Cabanas (1953-2013) exposta no ourensán Museo Arqueolóxico, nunha mostra dos fundadores do Colectivo de Comunicación Obxectual e Conceptual A Galga, en xaneiro de 1978.

Días antes da intervención policial, A Galga, en diante na vangarda da arte galega como explorador da nova figuración, a abstracción, o minimalismo, a performance ou as instalacións individuais e colectivas con recursos de *land art* e *arte povera*, era obxecto nas páxinas de *La Región* dunha coidada e extensa crítica que achegaba fotografías dalgunhas obras. Paga a pena reproducir o pé de foto para as pinturas sobre táboa de Xoti de Luis, o cal sintetiza as reflexións do colaborador do xornal Segundo Alvarado:

“*Xoti de Luis, tableros, papeles rizados que buscan un simplismo estético*” (LR, 20-I-1976).

Taboleiros como soporte, *collage* e *assemblage*, simplicidade... Tomemos, de novo, boa nota.

A gabada exhibición, na mostra da Fundación Luis Seoane *Nos dominios da urxencia. Arte e sociedade na Coruña da Transición (1973-1986)*, dunha tea de gran formato procedente da colección do Concello da Coruña, con título *Santa Cruz* e datada en 1980, evidenciou a necesidade de recuperar e amosar a pintura de Xoti de Luis. O lenzo, unha composición xeométrica cuadrangular cruzada verticalmente por unha banda, quizais un tronco, de tea de saco, semella unha xanela en branco e negro aberta ao Atlántico.



O catálogo dunha, claramente necesaria, retrospectiva de Xoti de Luis principiará referenciando a neodadá e tamén controvertida exposición, ao lado dos artistas plásticos Xosé Espona, X. A. Santiso, X. A. Santos e Xaime Tenreiro (1955-2018) e dos poetas experimentais Raúl Reguera e Xavier Seoane. Aloxada na Sala de Exposicións do Concello da Coruña no outono de 1973, incluía pintura, escultura, *ready-made* e traballos de poesía visual, cun fio musical pop-rock. Como unha comunicación recibida dende a Interzona de Burroughs, nun texto brevisimo, intitulado *Informe de Xoti de Luis*, da folla de sala desta mostra herculina, o pintor escribe:

“La materia se hace ella misma, toma sus formas y se da sus sombras. Me trasluce y me lleva de un lugar a otro como un inmenso Concorde y yo me dejo ir con ella”.

Materia, formas, sombras... Tomemos, agora si, boa nota.

A mención do Concorde —símbolo dese progreso tecnolóxico vinculado por Clement Greenberg á Escola de Nova York— nun comentario das primixenias composicións abstractas do artista galego, transpórtanos a aquela lendaria conversa entre Raphael Soyer, expoñente do *Urban Realism*, e Jackson Pollock, icona do expresionismo abstracto. Manifestación, quizais apócrifa, da arrogancia do discurso greenberguiano, na necrolóxica de Soyer no *New York Times*, recollíase este lance de Pollock, presuntamente enmarcado nesa conversa: *“There are planes flying, and you still paint realistically”.*

Xoti de Luis, malia non se arredar da abstracción ao longo da súa traxectoria, xamais desprezou as figuracións, veristas ou expresionistas, dos seus compañeiros de xeración. E moitos engaiolantes debuxos e lenzos figurativos, hoxe representativos da arte galega dos setenta, saíron do seu estudio, como aqueles conxuntos de figuras de corpos e rostros compostos por trazos de carbón elegantemente esborranchados ou finamente fiados coa angustia neoexpresionista da década e as pegadas de Laxeiro.

Con achados sorprendentes no eido dunha abstracción lírica ou existencial que non desbota o diálogo con fértiles xeometrías, Xoti, pese á admiración por Rothko, non se deixaría amedrentar por Pollock. Nin por Greenberg. De todos modos, abstracto non significa, por forza, non representativo. A pintura abstracta admite unha certa figuración. A súa característica esencial, aprendeunos hai anos o crítico e comisario Santos Amestoy (1942-2009), reside na súa radical formulación espacial, cinguida ás dúas dimensións da superficie pictórica.

Velaí, por exemplo, a serie *Lorena* (2001-2003), un conxunto de pinturas matéricas ás que engade textos e figuras de violencia surrealista. Conectadas coa realidade, viscerais e oníricas, as pezas da serie contiñan unha visionaria anunciación: a morte da dominación masculina. Porque o pintor sabe que debe fitar a realidade, unha realidade que a peneira da imaxinación pode converter en fermosa materia pictórica. Indica o Dicionario abreviado do surrealismo: *“a realidade é esa muller que sopra na primeira páxina dos dicionarios”.* Xoti de Luis foi sensíbel ao sopro do feminismo.

Na obra que hoxe nos amosa—reunida baixo o título *Walling* e realizada entre 2011 e 2021—, ese silencio humilde do pintor, co que abrimos este escrito, devén en sabia rotundidade dun oficio. Recapitulamos: *determinación, pintura visceral, relevo, taboleiros como soporte, collage e assemblage, aparente simplicidade, materia, formas, sombras...* As impresións e palabras rescatadas de xornais e gabetas acreditan unha experiencia rigorosa, un coñecemento do oficio pictórico fondo e con vellas raíces.

No plano formal, a determinación e o dominio técnico resultan verdadeiramente rechamantes, alén da mestría compositiva e da soberbia contención cromática. Este dominio maniféstase no traballo dos materiais, na alquimia de alcohol, po de mármore, betume de Xudea, anilinas e pigmentos (nomearemos o marrón terra de Cassel e mais o ocre terra de Siena), na elaboración das texturas, veladuras e transparencias ou na adición de compoñentes tirados do medio natural (palla de *walliñeiro*, sangue...). Son anos de experimentación coa pintura máterica, de probas de resistencia e mutabilidade para os elementos usados nas súas creacións e *assemblages*. No laboratorio do pintor, un único devezo, a confec-

Walling
Técnica mixta sobre táboa
125 × 122 cm



ción de pezas perdurábeis como todo o imaxinado. Como un soño, unha utopía ou unha ficción.

No terreo compositivo, a pintura xa non é visceral, ao contrario que naquel *happening* iniciático d'A Carón. O pintor adulto elabora sempre esbozos, ben en papel, ben en pequenas madeiras. Cómpre manter o azar controlado. De aí a sinxeleza, a exacta medición da temperatura das cores e a elegancia resultantes. É doado asociar a predilección do pintor pola narrativa breve co traballo de base, preparatorio, e a aparencia tan contundente como harmoniosa das obras. A propósito do uso das cores, convén lembrar as palabras do poeta e crítico de arte Miguel González Garcés (1916-1989) arredor da obra de Xoti de Luis co gallo da derradeira exposición de Galga no Museo Carlos Maside, en 1981. Ademais de resaltar a superación do influxo de Leopoldo Nóvoa (nome que, ao noso entender, máis alá das asimilacións pictóricas, buscaba un marco referencial propio para a nosa arte, á marxe do informalismo estatal e os seus nomes senlleiros), Garcés reparara na utilización da cor, “precisa e pura”. Precisión e pureza cromáticas seguen a ser na actualidade incuestionábeis na pintura de Xoti de Luis, como demostra a presente exposición.

A transposición de gama de cores completa dos poleiros, deixando a un lado a sutileza da ollada e a destreza da execución que reflicte, revélanos o tacto dun artista que compila novas de prensa absurdas (e sobre



Serie Walling
Técnica mixta sobre táboa
73 × 60 cm

o absurdo ser humano) ou necrolóxicas grotescas e rebeldes coas que erguer no seu taller secretos relatos literarios ou a obra plástica que agora coñecemos. A obra de madurez dun pintor ferozmente imaxinativo que titula as súas pinturas, series e mostras con mestizos enunciados e neoloxismos descubertos nas ruínas da aldea global, como *On the road*, *O Tour d'Ancares* e mais este *Walling* (“mureando”) co que Xoti de Luis, *toujours on the road*, nos agasalla. No ámbito discursivo, o vínculo progreso-vanguardia, caro á historiografía formalista, bate aquí cos muros da tradición, coas permanencias do noso mundo rural e rururbano.

Como paredes ateigadas de pintadas contestatarias e graffitis, os traballos pendurados hoxe nos espazos expositivos do Centro Cultural Marcos Valcárcel agochan experiencias, sensacións, emocións, soños e pesadelos. Neles, os muros de aldeas, vilas, pobos e cidades galegas transfórmanse, entre outras metamorfoses, en valos e peches de galiñeiros bidimensionais, feitos de cor, materia, luz e sombra, os ingredientes primarios do creador dende aquel temperán *Informe* de 1973.

Un informe actualizado debe concluír afirmando que os cadros selectos da mostra *Walling* custodian silandeiros a memoria do pintor e os lugares que habitou. Son pinturas, de signo existencial, que nos permiten contemplar unha tradición secular, a da arte abstracta, máis viva e lúcida que nunca en mans de Xoti de Luis.

Walling

Técnica mixta sobre táboa

125 × 122 cm

Xoti destacaría enseguida como un dos seus máis orixinais creadores, cun sentido innato da gramática dos elementos plásticos: a mancha, a textura, a cor...que combinaba sabiamente en composicións abstractas dunha gran pureza.

Ánxeles Penas



Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm



Walling

Técnica mixta sobre táboa

122 × 125 cm

Xoti de Luis foi pasando por diferentes etapas ao longo da súa vida pictórica, pero en cada momento destacou por un traballo reflexivo, cheo de autenticidade, sendo a abstracción unha constante, que aínda partindo da realidade, a natureza ou a paisaxe, móstranos unha obra onde a mancha e a cor apodéranse do lenzo para deixarnos gozar dun exquisito traballo sen estridencias onde queda reflectido, dunha forma rotunda, o resultado dun traballo ben feito.

Salvador Corroto Parga
Asociación Española de críticos de arte







Série Walling
Técnica mixta sobre táboa
73×60 cm

Walling

Técnica mixta sobre táboa

125 × 122 cm

Xoti de Luís parece asumir ese papel de intermediario, de descubridor do que hai máis aló do limiar, e hoxe ve esperanza tras percorrer no seu papel de transeúnte diúrno e somnábulo a pel cambiante dun territorio aberto a fantasías que se lle coan por tantos e tan variados recunchos e labirintos rueiros.

Fátima Otero





“Calar é tan acertado, as palabras só conseguen paralizar o espírito do espectador”.

Mark Rothko

Walling

Técnica mixta sobre táboa
92×73 cm



Walling
Técnica mixta sobre táboa
122 × 125 cm

Walling

Técnica mixta sobre táboa

110 × 110 cm

...Como na poesía juanramoniana, na pintura de Xoti de Luis hai unha renuncia a todo o non absolutamente necesario, alcanzando así esa levidade case inmaterial que fai precisables, contemplables coa mirada –tanto cos ollos da sensibilidade como cos do rostro– as emocións líricas.

Porque o pintor, neste caso, é un lírico que se expresa con cores e suxestións.

Pegadas de sentires son formas concretas, sen rotundidades innecesarias.

Francisco de Pablos



Walling

Técnica mixta sobre táboa

125 × 122 cm

Non comentei tales cousas cos vellos médicos, xa que a madurez resulta escéptica, cínica e mal predisposta ás novas ideas.

H.P. Lovecraft





Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm



Vuela la mano
Sigue la estela de una nota solitaria
Persigue al viento
Que en sus ondas lleva
Los pájaros ardientes del deseo
Y el camino
Busca ascender escalas
Y pararse contra la noche
Al borde de una estrella
Entre tanto aguardamos sorprendidos
Con la lluvia cayéndonos al alma
Como gotas salobres como llanto
Congelándose niño en una abierta
Pupila sorprendida
Laxeiro escucha las voces de los montes
Y dormita fantasmas milenarios
Tiernas ninfas campestres
Le dilatan los sentidos
Desbordados de su eros
Xoti sigue las huellas de una arena
Donde fue caballero
Y se borraron
Y es un río la música
Y es lluvia, laxe, viento, momento
De ser -aquí- fugaz
Y luego sueño...

Ánxeles Penas
Para Xoti en vísperas 18-XI-77



Walliñeiros
Técnica mixta sobre táboa
100 × 110 cm



Serie Walling
Técnica mixta sobre táboa
73 × 60 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 90 cm



Walling

Técnica mixta sobre táboa

125 × 122 cm

A pintura de Xoti de Luis obedece precisamente á necesidade de trasladar ao lenzo as emocións provocadas pola visión da paisaxe en distintas épocas do ano, aínda que supoñemos que tamén fala dos aspectos persoais (artísticos, vitais e testemuñais) do pintor. Trátase pois dun camiño físico pero sobre todo espiritual o efectuado por Xoti, que leva ao cadro con moitísimo oficio pero tamén con grandes doses de talento e amor ao risco, as súas vivencias e visións, excelentes en canto á súa execución, brillantemente colorista, cando reflicten as paisaxes estivais ou primaverais, pero que alcanzan un intenso dramatismo naquelas tres ou catro obras en que a paleta se volve máis invernalmente escura, con aspectos tráxicos de intensa emoción.

Joaquín Lens



Walling

Técnica mixta sobre táboa

92 × 73 cm

Podemos supoñer que a vida onírica, a materia e a vida, tal como se coñecen tales cousas na terra, non resultan necesariamente constantes, e que o tempo e o espazo non existen tal como o entenden os nosos corpos de vixilia. Ás veces creo que esta vida menos material é a nosa existencia real, que a nosa va estancia sobre o globo terráqueo resulta en si mesma un fenómeno secundario ou meramente virtual.

H.P. Lovecraft





Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm





Unha señora, que aínda vive e nunca direi quen é, contou, daquela, que vira a un enterro con neve, e que viñan polo camiño do Portelo, e que os que traían a caixa esvararon e caeulle a caixa. E de alí a poucos días morreu o tío de Portocobo, nevou e caeu a caixa. A min aquilo impactoume, Como podían ver iso? E agora, Por que non vemos nada? Iso pregúntome eu, Por que non vemos nada? e, daquela, vían tanto?

“Hai que andar”
Historias de Vilachá

Serie Walling
Técnica mixta sobre táboa
73 × 60 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm





“A miña arte non é abstracta; vive e respira. E do mesmo xeito que un cuadro revive en compañía dun espectador sensible, a reacción do devandito espectador pode ser mortal”.


Mark Rothko

Walling
Técnica mixta sobre táboa
125 × 122 cm

Walling
Técnica mixta sobre táboa
120 × 80 cm







Serie Walling
Técnica mixta sobre táboa
73×60 cm

Walliñeiros

Técnica mixta sobre táboa

120 × 90 cm



Qué bonitos los amaneceres,
qué bonitos los atardeceres,
qué bonitos el azul y el verde.
qué bonito, le gusta a la gente.

Pero a mí, no sé, algo me falta,
sin darme cuenta hablo en voz alta,
veo tus lágrimas diamante
con esa luz tan brillante.

El aire se ha quedado parado
y yo estoy aquí esperando un milagro...

Los Ronaldos
Letra de Esperando un Milagro

SOLO CON EL CORAZÓN
SE PUEDE VER BIEN; LO
ESENCIAL ES INVISIBLE
PARA LOS OJOS.

"Hijos" ↓





Xoti de Luis –Pintor–. Nace en Vigo en 1953. Reside na Coruña desde 1956.

Realiza a súa primeira exposición en 1973. Intervén en exposicións individuais: Sala Mestre Mateo, Galería Granmini, Galería Darcena, Galería la Campana, Sol y Bartolomé, Due-2, Galería Alameda, etc.

E en numerosas exposicións colectivas. É membro fundador do grupo A Carón e do Colectivo de Comunicación Obxectual: A Galga tamén de Gruporzan.

Colga obra en numerosos museos: Carlos Maside, Museo de Arte Moderno –León, Museo Bello Piñeiro –Ferrol, Espacio GrasslinNarites, Colecciónss de Caixanova, Caixa Galicia, Banesto, Banco Exterior de España, Concello da Coruña, Cambre, Ferrol. Pazo Raxoi –Museo de Arte Deportivo, etc.

